



## AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO

Máster Universitario en Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos

Curso Académico: 2016-2017

Aprobado na Comisión do Título de Máster en I+D de Medicamentos o 24 de abril de 2018

Aprobado na Xunta de Facultade o 24 de abril de 2018

- [Datos da universidade e do título obxecto do seguimento](#)
- [Cumprimento do proxecto establecido](#)
  - Dimensión 1. A xestión do título
    - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
    - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
    - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
  - Dimensión 2. Recursos humanos
    - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
    - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
  - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
    - [Criterio 6. Resultados da aprendizaxe](#)
    - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
- [Listaxe de evidencias e indicadores](#)
- [Modificacións do plan de estudos](#)
- Plan de Melloras

### 1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO

Denominación do título	Máster Universitario en Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos
Mencións/Especialidades	Non procede
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	Non procede
Centro responsable	Facultade de Farmacia
Centro/s onde se imparte	Facultade de Farmacia
Rama de coñecemento	Ciencias da Saúde
Número de créditos	60 ECTS
Profesión regulada	Non procede
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2009/2010
Data acreditación ex ante (verificación)	29/07/2009
Data renovación acreditación	08/07/2015

## CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

#### CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

**Estándar:** O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

**1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.**

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O desenvolvemento do curso 2016-2017 realizouse conforme a memoria verificada (Evidencias E1 e E2). Non se produciron incidencias sinalables, o que permitiu a correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

A posta a punto de novos medicamentos, require unha aproximación multidisciplinar que implica aspectos biolóxicos, químicos ou tecnolóxicos de diferentes disciplinas. Desde a súa implantación no curso 2009-2010 o Máster en Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos ven incorporando e formando estudantes titulados en Farmacia, Medicina, Química, Bioloxía, Enxeñería Química e Biotecnoloxía nos diferentes aspectos relacionados co desenvolvemento de novos fármacos, con una media de 17.7 alumnos matriculados/ano (indicador IN02M-PC-05).

A consecución da obtención do nivel MECES-3 do grao de Farmacia da USC (septembro 2015), tivo como consecuencia una diminución de alumnos importante no curso 2016-2017 consecuencia da redución de alumnos procedentes deste grao, xa que non lles e necesario a obtención dun título de Máster adicional para acceder ao doutoramento. Chama a atención a diferenza atopada entre o número de alumnos prematriculados (21 estudantes nacionais e 3 estudantes internacionais no curso 2016-2107) e os matriculados (8 estudantes nacionais e 1 estudante internacional no curso 2016-2107).

Considérase particularmente necesario afondar nas razóns que fan que o alumnado non chegue a formalizar a súa matrícula, que poden estar relacionadas ou ben coa competencia doutros Másteres o ben co calendario de matrícula nos Másteres da USC, e tomar medidas a este respecto tendo un papel máis proactivo desde a coordinación do Máster no tempo intermedio entre a prematrícula e a formalización desta.

Con todo, como consecuencia das actividades divulgativas e promocionais do Máster que se fixeron, o número de estudantes ingresados no mesmo, estase novamente a incrementar, pasando de 9 estudantes no curso 2016-2017 a 15 estudantes no curso 2017-2018.

O **perfil de ingreso** con estudantes procedentes dos diferentes ámbitos Farmacia, Medicina, Química, Bioloxía, Enxeñería Química e Biotecnoloxía mantense como axeitado, tendo en conta o carácter multidisciplinar da investigación e desenvolvemento de medicamentos. Estes alumnos aportan diferentes puntos de vista na investigación farmacéutica e son capaces de acadar a formación requirida obxecto do Máster. Proba de elo e a elevada **taxa de éxito** (100% no curso 2016-2017, indicador IN35M-S01-PM-01) e as elevadas **taxas de avaliación** (100% no curso 2016-2017, indicador IN36M-S01-PM-01) e de **rendemento nas materias** (100% no curso 2016-2017, indicador IN34M-S01-PM-01 ) que e similar as obtidas para promocións anteriores.

Os estudantes da promoción 16-17 procederon maioritariamente (6/9) de fora da comunidade autónoma de Galicia (4311777\_INF.16\_2016-2017).

Aínda con pequenas reducións respecto ao ano anterior, a **satisfacción do alumnado coa docencia recibida** (4.07/5 no curso 2016-2017, indicador IN46M-S01-PM-01) e a do **profesorado coa docencia impartida** (3.79/5 no curso 2016-2017 indicador IN47M-S01-PM-01) resultaron elevadas.

É satisfactorio comprobar como as enquisas de avaliación da **satisfacción dos egresados respecto a docencia recibida** incrementouse no último curso a valoración, pasando do 3.77/5 no 2015-2016 ao 4/5 no 2016-2017 (I4, indicador IN23M-PC-12) con unha taxa de resposta mais elevada (41.67%). Elo é indicativo de que os estudantes consideran axeitada á formación recibida. Tamén se incrementaron a satisfacción dos egresados respecto a información pública

dispoñible, dun 3.82/5 no 2015-2016 a 4/5 no 2016-2017 (indicador IN23M-PC-12) e coa titulación (indicador IN42-S01-PM-01). A evolución dos indicadores nesta enquisa é positiva.

Os **resultados de inserción laboral dos egresados** (431177\_EIL\_SIIU\_2016\_2017) poñen de manifesto que unha elevada porcentaxe de egresados pertence despois de seis anos da realización do Máster, ao grupo de cotización de alto nivel (universitario), traballando maioritariamente a tempo completo (85.7% dos casos) e nun 57.1% acadando contratos indefinidos.

**Valoración:** Satisfactoria. Coas evidencias documentais sinaladas (indicadores relativos aos ingresados e egresados, enquisas de satisfacción) dáse conta de que o título mantén o interese e a relevancia no ámbito académico científico e profesional, aínda que resulta necesario mellorar na captación de estudantes e manter o contacto directo cos egresados.

## 1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A oferta de módulos e materias no curso 2016-2017 realizouse conforme o establecido na memoria de verificación do título (E1) e segundo o calendario aprobado ([web do título](#)). No último curso corrixíronse as incoherencias entre os contidos das guías Docentes e as programacións recollidas na memoria de verificación do Máster (Acción derivada do plan de melloras MIDM\_S\_DI\_C1\_AM01\_15\_16 e MIDM\_S\_DI\_C1\_AM02\_15\_16)

A aplicación das metodoloxías e o desenvolvemento das actividades recollidas nas Guías Docentes vense favorecidas no 2016-2017 por un **ratio estudantes por profesor** reducida (<1, indicador IN30M-PS-01) e por un **número de estudantes nos grupos** pequeno, tanto nos seminarios interactivos como de teoría (6.5 en ambos, indicadores IN31M-PS-01 e IN32M-PS-01)

Unha análise en profundidade das programacións das materias na memoria de verificación do Máster pon en evidencia que podería mellorarse na definición na descrición das **competencias transversais** a desenvolver no Máster, a súa distribución nos módulos e súa presenza nos métodos de avaliación, o que requiriría oportuno abordaxe a través dunha modificación non sustancial da memoria.

En canto á **participación nos programas de mobilidade**, a pesares de que a USC ten contemplada a mobilidade dos/as estudantes a través da Oficina de Relacións Exteriores cos programas de intercambio tanto nacionais (SICUE), como europeos (ERASMUS) e extracomunitarios (intercambios con países de América Latina ou países de fala inglesa) e difícil tratándose dun programa dun ano. Os alumnos do Máster en I+D de Medicamentos non realizaron mobilidade desde 2013 durante o seu período de formación (indicador IN17M-PC-08). Sen embargo, varios estudantes fixeron os contactos axeitados para facer mobilidade posteriormente e de feito trasladáronse a Alemaña ou a Finlandia, para proseguir estudos de doutoramento.

Algunhas iniciativas que estábanse a fraguar no curso 2015-2016 coma os contactos iniciais con universidades Arxentinas e Brasileiras (Acción derivada do plan de melloras MIDM\_S\_DI\_C1\_AM04\_15\_16) no chegaron con éxito ao final.

A falta de avances neste sentido podería deberse, por unha parte á curta duración do Máster (un so curso) e por outra á falta de incentivación por parte da coordinación do Máster e os titores dos alumnos baseada fundamentalmente en que estas accións supoñen un esforzo persoal do profesorado dada a imposibilidade de financiar, ata o momento, ningunha iniciativa. Con vistas a mellorar na participación de mobilidades teríase que fomentar a realización de pequenas estancias durante o período de realización do TFM e iso require un esforzo extra por parte dos titores dos TFM.

**Valoración:** Satisfactoria. Existen evidencias documentais que as actividades se levan a cabo segundo a memoria de verificación dunha maneira ordenada e sistemática, se ben atópanse debilidades relacionadas coa descrición de competencias transversais e tamén coa falta de incentivación, cara aos estudantes, para realizar estadias fora da USC.

**1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Ao tratarse dun título de duración dun ano, no Máster de I+D de Medicamentos so existe **coordinación horizontal** que se leva a cabo a través das figuras dos coordinadores de cada unha das materias. Como todos os cursos, na programación do curso 2016-2017 realizouse una **revisión comparativa das Guías Docentes** e se comprobou a inexistencia de baleiros e duplicidades (*Acción derivada do plan de melloras MIDM\_S\_DI\_C1\_AM02\_15\_16*).

Do mesmo xeito, realízanse frecuentes **reunións da comisión do título** nas que se abordan as problemáticas que se presentan durante o curso. A participación dos representantes de estudantes nestas reunións de xeito habitual, favorece a transmisión da información e as peticións do alumnado ao profesorado. As actas destas reunións (E5) constitúen una proba documental axeitada (*Acción derivada do plan de melloras MIDM\_S\_DI\_C1\_AM03\_15\_16*).

Aínda que o e Máster é presencial na súa totalidade, no último curso implementouse a **aula de Coordinación do Máster de I+D de Medicamentos no Campus Virtual** que dota das ferramentas adecuadas para favorecer a comunicación non presencial entre a coordinadora, os estudantes e os profesores do Máster e por tanto mellorar na coordinación. Este aula está deseñada en dos seccións, nas que se traballa separadamente cos estudantes e cos profesores. Foros de comunicación en ambas seccións adoitan a coordinación horizontal, á vez que facilitan o rexistro (evidencias documentais) de todos e cada un dos eventos que teñen lugar a través da plataforma.

Na sección de acceso dos estudantes se recollen as guías docentes actualizadas, os horarios, as normativas ou eventos do curso. Na sección de acceso restrinxido aos profesores, se traballa na planificación do seguinte curso (horarios, programación docente, planificación de reunións...)

O foro de novas é un elemento imprescindible para deixar constancia da información compartida cos estudantes (conferencias, talleres, ofertas de doutoramento...) ([Acceso al aula de coordinación do Máster I+D de Medicamentos](#))

Non se dispón ata o momento dos **convenios para realizar prácticas externas** no eido do Máster de I+D de Medicamentos. Xa se iniciaron os contactos con empresas necesarios para por en marcha este tipo de prácticas externas, que en algunha ocasión foron requiridas polos estudantes.

**Valoración:** Satisfactoria. Avanzouse na coordinación mediante a aplicación das ferramentas tecnolóxicas adecuadas e as reunións da Comisión do título. Sería beneficioso para o título, a formación dos estudantes e o seu futuro profesional o establecemento de convenios con empresas nos que os estudantes puideran realizar prácticas externas.

**1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.**

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudiantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Existe total coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudiantado matriculado no título. Na opinión dos membros da comisión do título e que a presenza de alumnos procedentes de diferentes titulacións é non só un aspecto positivo sino enriquecedor do Máster. Os cursos obrigatorios impartidos no módulo 1 do Máster dan a ocasión aos alumnos que non son farmacéuticos de familiarizarse coa terminoloxía e as xeneralidades necesarias para abordar os cursos optativos. Ata o momento, as diferenzas de formación dos estudantes non supuxeron rebaixa do nivel dos contidos do título.

Dos 9 estudantes matriculados no curso 2016-2017, un era titulado en bioloxía, seis en química e dous de farmacia

(4311777\_INF16\_2016-2017). Todos os perfís de ingreso son axeitados para iniciar estes estudos e non fixo falta acometer accións especiais.

A opinión do profesorado do Máster a este respecto pode derivarse do resultado da enquisa do profesorado coa docencia impartida (4311777\_INF.14\_2016\_2017 Informe da enquisa do profesorado coa docencia impartida), na que se lles pregunta no ítem 1 polo nivel co que chega o alumnado e si este é suficiente para afrontar os contidos da materia. O nivel acadado foi para o ano 2016-2017 dun 3.86/5, o máis elevado desde o ano 2012.

**Valoración:** Satisfactoria durante o curso 2016-2017.

#### 1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/Máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

#### **Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:**

As distintas normativas que afectan o Máster de I+D de Medicamentos pódense consultar na web do título ([Outra información do Máster I+D de Medicamentos](#)) a aplícanse cando é necesario.

Non xurdiron problemáticas salientables no curso 2016-2017 en relación con estes aspectos.

**Non existe una normativa propia do Máster de I+ D de Medicamentos** para o TFM se non que se aplica a normativa xeral da USC para o seu desenvolvemento. De cara aos próximos cursos, parece interesante desenvolver una normativa propia do título que estableza o procedemento detallado a levar a cabo para a asignación dos TFM, a selección das comisións de avaliación, as normas de presentación e defensa ou as rúbricas de avaliación. Sen dúbida elo repercutirá nunha mellora na calidade da xestión dos TFM.

De momento, non se contempla no Máster de I+D de Medicamentos a **realización de prácticas externas** e por tanto carécese dunha normativa o respecto. Este é un aspecto condicionado pola pouca duración do Máster pero que xa foi obxecto de demanda por parte dalgúns estudantes no presente curso, e que sen dúbida é un aspecto a estudar seguidamente.

**Valoración:** Se alcanza parcialmente. Se detectan puntos débiles que é necesario abordar para alcanzar a excelencia neste apartado, como a revisión dos sistemas de avaliación, o desenvolvemento dunha normativa de TFM propia do Máster ou o estudo da conveniencia da inclusión de prácticas externas no plan de estudos do Máster.

## DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

**Estándar:** A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

**2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.**

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Actualmente a comunicación con todos os grupos de interese respecto da información relativa ao Máster realízase por tres vías:

1. [A páxina web do Máster de I+D de Medicamentos](#)
2. [A aula de coordinación do Máster de I+D de Medicamentos do Campus Virtual da USC](#)
3. [Acceso ao sistema de Xestión para o Máster de I+D de Medicamentos](#)

**1.- A páxina web do Máster** ofrece **información pública** en tres idiomas: galego, castelán e inglés. A información é moi completa en galego e en castelán en canto á presentación xeral e obxectivos do Máster, información relativa á admisión e matrícula, módulos, horarios, profesorado, normativas... Á información nestas páxinas é coherente co contido da memoria verificada do título, incluíndo as modificacións derivadas dos plans de melloras. Revisase periodicamente para mantela actualizada (*Acción derivada do plan de melloras MIDM\_S\_DI\_C2\_AM01\_15\_16*).

A páxina en inglés atópase, polo contrario, moi incompleta. No inclúe os programas nesta lingua o as veces aparece a información en castelán ou galego cos epígrafes en inglés. A revisión desta información co obxecto de facer o autoinforme, puxo de manifesto que a información que aparece en inglés cando se entra na páxina polos menús en español e galego (que se modificou como consecuencia da Acción derivada do plan de melloras *MIDM\_S\_DI\_C2\_AM04\_15\_16*) e diferente da que aparece cando se entra polo menú de inglés. Estes aspectos non dan boa imaxe si se accede a través desta lingua, e deben corrixirse.

Por outra banda, á hora de captar o interese de potenciais estudantes e dado o carácter dirixido á investigación do Máster, parece doado incluír na web textos curtos con información xeral sobre proxectos de investigación que se estean a levar a cabo nos grupos de investigación implicados no Máster e tamén testemuñas de estudantes egresados.

Bótanse en falta algúns aspectos que poden ser de interese para engadir na páxina web: a ubicación do profesorado tendo en conta a problemática da facultade de farmacia e a participación de profesorado de centros diversos, enlaces a biblioteca, información sobre saídas profesionais ou actividades extracurriculares.

Tamén sería doado a modernización da aparencia da web que, por comparación con moitos Másteres nacionais e internacionais que compiten coa USC polos estudantes, resulta francamente en desvantaxe. Este aspecto é de responsabilidade institucional da USC, xa que a web do Máster intégrase na da USC

**2.-** Como se sinalou anteriormente, recentemente púxose en marcha a **Aula de Coordinación** do Máster de I+D de Medicamentos no Campus Virtual de **acceso restrinxido** aos estudantes matriculados no Máster xuntos cos profesores participantes. Esta ferramenta resulta axeitada para mellorar na información xerando rexistros (evidencias documentais) de todos os eventos que teñen lugar a través da plataforma.

Na sección de acceso dos estudantes se recollen as programacións docentes actualizadas, os horarios, as normativas, ou eventos do curso. Na sección de acceso restrinxido soamente aos profesores, se traballa na planificación do seguinte curso (horarios, programación docente, planificación de reunións...)

Os foro de novas son elementos imprescindibles para deixar constancia da información compartida cos estudantes (conferencias, talleres, ofertas de doutoramento...) e do traballo interno de coordinación cos profesores.

**3.-** De cara á **comunicación coa comisión do título do Máster de I+D de Medicamentos** e dentro do **sistema de Garantía de Calidade**, tamén se iniciou o emprego da plataforma da Área de Calidade e Mellora de Procedementos (AASX) da USC para a xestión da Comisión, o que permitirá ter evidencias documentais de acceso directo online, tanto das convocatorias como das actas das reunións da comisión.



**Valoración:** Satisfactoria. Avanzouse moito na coordinación con todos os grupos de interese, xerando evidencias documentais. Sería convinte afondar neste eido, mellorando a páxina web e incentivando o emprego da aula de coordinación polos profesores e os estudantes.

### **DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO**

#### **CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:**

**Estándar:** A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

**3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.**

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvolvéronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A nivel institucional, o Sistema de Garantía de Calidade da USC, ten implementados procedementos para a recollida de información de forma continua o seu análise e a súa presentación a organización do Máster, o que permite a avaliación, a detección de debilidades e a proposta de accións de mellora necesarias para o seguimento, e de ser o caso, a acreditación. Proba de elo e a documentación aportada no listaxe de indicadores, nos que se presentan todos os indicadores deseñados e realizados pola Area de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP).

A nivel do centro, a Facultade de Farmacia conta cun SGIC certificado pola ACSUG desde o 26 de abril de 2010. O SGIC, como figura no seu informe correspondente e na súa certificación alcanza a todos os títulos que se imparten no centro e por tanto ao Máster en I+D de Medicamentos. Acceda ao enlace: [http://www.usc.es/gl/centros/farmacia/SGIC\\_farmacia.html](http://www.usc.es/gl/centros/farmacia/SGIC_farmacia.html).

A nivel do título, os axentes implicados teñen un compromiso claro coa calidade. No curso 2016-2017 implementáronse algúns procedementos que permiten recoller información continua (aula de coordinación, uso do AASX), que unidos os habitualmente utilizados (enquisas de satisfacción os grupos implicados, estatísticas dos resultados acadados polos estudantes...) nos permiten analizar os resultados do Máster e emprender as accións de mellora axeitadas.

Os procesos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolvéronse de acordo co establecido.

O Máster en I+D de Medicamentos recentemente implementou, a través da plataforma da USC virtual, unha caixa de suxestións/reclamacións para que os alumnos podan expresar de forma anónima as súas reflexións sobre o funcionamento do Máster. Pensamos que isto unido as enquisas do alumnado e a comunicación directa coa coordinadora debe ser ferramenta axeitada para coñecer o seu pensamento e corrixir, de ser necesario, aqueles aspectos susceptibles de selo.

**Valoración:** Se alcanza parcialmente. Se detectan puntos débiles que e necesario abordar para alcanzar a excelencia neste apartado, como o uso dun xeito xeralizado por parte dos profesores e dos estudantes, das ferramentas TICs para a calidade o que requirirá una actitude pro activa por parte da coordinación do Máster.

**3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.**

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC e, en particular o informe de autoavaliación e a redacción das accións de mellora, permitiron introducir modificacións que melloran o título. Como xa se mencionou en diferentes apartados deste informe, se abordaron as seguintes accións dentro do plan de melloras do seguimento do curso 2015-2016, algunhas das cales non teñen período de execución definido:

Propostas en relación aos **criterios 1 e 2**

- MIDM\_S\_DI\_C1\_AM01\_15\_16, implementación del contido entre materias.
- MIDM\_S\_DI\_C1\_AM02\_15\_16, consecución de concordancias entre guías e programacións
- MIDM\_S\_DI\_C1\_AM03\_15\_16, constatación del proceso de coordinación con evidencias
- MIDM\_S\_DI\_C1\_AM04\_15\_16, análise estudio de propostas internacionais de colaboración. Mobilidade de estudantes e profesorado.
- MIDM\_S\_DI\_C2\_AM01\_15\_16, actualización da páxina web do Máster
- MIDM\_S\_DI\_C2\_AM02\_15\_16, Análises de contidos experimentais
- MIDM\_S\_DI\_C2\_AM03\_15\_16, concordancia de la información en todos os idiomas
- MIDM\_S\_DI\_C2\_AM04\_15\_16, publicación de la información en inglés

En canto o **criterio 3 Sistema de Garantía de Calidade**, que foi obxecto de crítica no informe final de renovación da acreditación levado a cabo no 2015, realizáronse diversas tarefas respecto as accións de mellora que se sinalan a continuación:

- SGIC\_D1\_C3\_AM01\_15-16 Adecuación da composición das comisións de acordo coa normativa do ACMP.
- SGIC\_D1\_C3\_AM02\_15-16 Fluidez da información. Análises e mellora dos títulos de Máster.

.Modificouse a comisión do título do Máster para se adecuar a normativa. Se incluíu a xestora de centro de farmacia como secretaria da comisión do título do Máster e a responsable de calidade do centro como membro nato. A súa presenza garante a comunicación entre a comisión do título do Máster e a Comisión de Garantía de Calidade de Farmacia.

Ademais, a comunicación dos membros da organización do Máster coa ACMP da USC faise de maneira habitual e fluida. A ACMP da USC participa activamente na preparación da documentación dos indicadores e as evidencias necesarias para o correcto análise do título. A coordinadora do Máster, xunto coa equipa decanal asisten as reunións informativas e de planificación organizadas pola ACMP.

- SGIC\_D1\_C3\_AM03\_15-16. Falta repositorio de actas nas reunións.

Co axuda directa de membros da ACMP da USC e a falta do curso que se solicitou reiteradamente a USC, a coordinadora iniciou a utilización da plataforma de xestión AASX. Esta plataforma resulta moi pouco intuitiva e require adestramento expreso. Sen embargo xa se fai uso dela como repositorio de convocatorias e actas de reunión da comisión do título de Máster.

- SGIC\_D1\_C3\_AM04\_15-16. Baixa participación nas enquisas dos grupos de interés

Como consecuencia da toma de conciencia da baixa participación nas enquisas e as actuacións realizadas, melloráronse os resultados de participación dos egresados (dun 23.43% a un 41.67%). Sen embargo, no foron suficientes para mellorar a participación nas enquisas do alumnado coa docencia recibida baixaron (de 66.6% no curso 2015-2016 a un 54.55% no 2016-2017), nin a do profesorado coa docencia impartida (37.04% do curso 2015-2016 a 18.52% no 2016-2017), ambas las dúas moi baixas. Isto pode deberse á falta de motivación dos profesores sinalada anteriormente neste autoinforme, xa que nin se dispón de recursos novos nin o ambiente e propicio dada a situación do centro. Estes aspectos débense abordar dunha maneira mais intensa, alientando desde a coordinación a profesores e alumnos a se implicar no sistema de Garantía de Calidade, pero tamén debe ter unha resposta por parte da

institución da USC no curto prazo.

En resposta aos aspectos sinalados pola comisión da acreditación en canto a implicación da Facultade de Farmacia no desenvolvemento do Máster de I+D de Medicamentos que ten adscrito, hai que sinalar que se mellorou neste aspecto. A equipa decanal e o persoal de administración e servizos veñen de facer un esforzo neste senso. Así, a Decana presidiu a sesión inaugural do Máster no último curso e a equipa decanal fixo partícipes aos estudantes do Máster das diferentes conferencias, cursos, talleres e xornadas organizadas pola Facultade (xornadas sobre saídas profesionais de farmacia ou saídas profesionais na industria, taller de oratoria específico para estudantes do Máster...).

A través dunha fluída interacción entre os diferentes vicedecanatos e a coordinación do Máster, trabállanse, preséntanse e apróbanse na Xunta de Facultade os diferentes aspectos organizativos da docencia (horarios, guías docentes...)

Propostas en relación aos **criterios 6 e 7**

- *MIDM\_S\_D3\_C6\_AM01\_15\_16, análise da adquisición de competencias das materias*
- *MIDM\_S\_D3\_C6\_AM02\_15\_16, análise da relación de aprendizaxe/perfil de egreso esperado*
- *MIDM\_S\_D3\_C7\_AM01\_15\_16, indicadores de satisfacción e rendemento*
- *MIDM\_S\_D3\_C7\_AM02\_15\_16, fomento da captación de estudantes*
- *MIDM\_S\_D3\_C7\_AM03\_15\_16, análise da inserción laboral dos egresados*

Ao abordar a acción de mellora *MIDM\_S\_D3\_C6\_AM01\_15\_16* púsoxe de manifesto a necesidade de levar a cabo unha modificación nas guías docentes das materias do grado para definir dun xeito mellorado as competencias das materias, particularmente as transversais, su distribución dentro do plan estudos e unha avaliación, polo que aínda está pendente de realización.

Recolleuse información acerca do perfil dos egresados, encontrándose una boa relación entre os resultados do aprendizaxe e o traballo que estes realizan. Ben e certo que os datos se corresponden con unha reducida porcentaxe dos egresados, o que fai que se plantexen novas estratexias para mellorar a análise.

No referente a indicadores de satisfacción e rendemento, como pode derivarse da lectura desta memoria, para o presente ano cóntase cos indicadores necesarios froito das enquisas aos diferentes colectivos, que deberán mellorar cara ao futuro incrementando a participación, e os análises das calificacións.

Froito das actividades de divulgación que se fixeron, no curso 2017-2018 mellorouse na captación de estudantes, pasando de 9 a 15 estudantes matriculados.

Por último, no listado de evidencias deste informe de seguimento preséntase os datos acadados respecto a inserción laboral dos egresados.

**Valoración:** Abordáronse as accións de mellora do curso 2015-2016 con intensidade, se ben e certo que nalgúns apartados e necesario aínda afondar nesta mellora para alcanzar a excelencia, como a obtención de rexistros documentais das diferentes actividades que se fan: sesións informativas, cursos, talleres, etc, a mellora na participación das enquisas ou a modificación da memoria para unha mellor definición das competencias transversais e a avaliación por competencias.

### 3.3.- O SGC implantado revisase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

No apartado 9 da memoria verificada do título dáse conta de que a titulación do Máster en I+D de Medicamentos segue as liñas xerais delimitadas polo SGC do centro dentro do SGIC da USC. A Dirección da Facultade de Farmacia sempre foi pioneira e tivo un compromiso claro e manifesto coa calidade. De feito foi un dos oito primeiros centros da USC en contar cun SGIC certificado pola ACSUG (fecha 26 de abril de 2010). O SGIC, como figura no seu informe correspondente e na súa certificación alcanza a todos os títulos que se imparten no centro e por tanto ao Máster en I+D de Medicamentos. Véxase o enlace: [http://www.usc.es/gl/centros/farmacia/SGIC\\_farmacia.html](http://www.usc.es/gl/centros/farmacia/SGIC_farmacia.html).

A análise e revisión do SGC derivou en accións plans de mellora relativas á calidade que se acadaron parcialmente. Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.

A larga listaxe de evidencias que acompañan este informe de seguimento da conta da cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua da titulación.

**Valoración:** Existe unha cultura de calidade consolidada na Facultade de Farmacia. Nos últimos anos avanzouse no desenvolvemento do SGC, pero sen dúbida debe manterse e mellorarse.

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

**Estándar:** O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**4.1.- Persoal académico.** O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) esixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Tránsito Fin de Grao ou Tránsito Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O **profesorado que participa no Máster de I+D de Medicamentos** conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora reflectida en quinquenios e sexenios) excelente para a súa impartición (4311777\_E15\_2016-2017). Prova de elo son os seguintes indicadores correspondentes o curso 2016-2017:

IN24M-PS-01: Porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total = 84%

IN25M-PS-01: Porcentaxe de PDI doutor sobre PDI total = 96.5%

IN26M-PS-01: Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total 80.77%

O **profesorado é suficiente** para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes. En particular, no último curso 2016-2017 foi, como xa se sinalou, baixa (0.45, indicador IN30M-PS-01). Ademais, o profesorado imparte docencia naquelas materias nos que ten elevada experiencia tendo en conta o seu curriculum vitae.

A institución ofrece **oportunidades ao profesorado** para actualizarse no que respecta as metodoloxías docentes a través do Programas de Formación e Innovación Docente ([Cursos do PFID](#)). Un 25.81% dos profesores participou no curso 2016-2017 en algún de estes cursos de formación (5035\_I6\_I7\_2016-2017 Participación do PDI nos plans de formación). Entre os cursos dispoñibles cabe salientar os seguintes realizados por algúns profesores do Máster con consecuencias inmediatas nos aspectos da organización e xestión da docencia do título que se sinalaron en parágrafos anteriores (Aulas virtuais de coordinación: xestión e usos, A USC na Nube, Uso da ferramenta antiplaxio Turnitin o Creación e xestión de cuestionarios en Moodle)

Para a realización dos Traballo Fin de Máster, aos alumnos asígnanselle títulos, e intégranse nos grupos de investigación das áreas de Farmacoloxía ou Tecnoloxía Farmacéutica das que forman parte 7 grupos de investigación de destacable produción científica (Grupos de investigación rexistrados: GI-1643, GI-1645, GI-1683, GI-1685, GI-1687, GI-1684, GI-2109). Tres de estes grupos (GI-1643 NANOBIOFARM, GI-1645 I+D FARMA, GI-1685 BioFarma) foron recoñecidos por la Xunta de Galicia como de referencia competitiva pola súa actividade de investigación. A participación dos grupos de investigación garante dalgún xeito as capacidades para levar a cabo os TFM e tamén o financiamento, tendo en conta que a USC non asigna ningún presuposto a este concepto a pesares de que os créditos do TFM son prácticos na súa totalidade.

Neste último curso, a porcentaxe de profesores que participou en programas de mobilidade incrementouse a 3.23% (5035\_I10\_2016\_2017) para o que se utilizou o Programa Erasmus. Estas estancias facilitan o intercambio de ideas con outros docentes e permiten iniciar os contactos para un potencial intercambio de estudantes

**Valoración:** Excelente. Obxectivamente o profesorado do Máster constitúe un colectivo de recoñecido prestixio con méritos docentes e investigadores salientables.

**4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.).** O título conta

**con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.**

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exigido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O persoal de apoio que participa na xestión do Máster de I+D de Medicamentos e o asignado á Facultade de Farmacia Inclúe, ademais do persoal de conserxería, biblioteca, asuntos económicos, administración do Decanato, e responsable da unidade de xestión académica, os dous técnicos de investigación e un auxiliar de administración asignados o Departamento de Farmacología, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica (Evidencia E-16 Información sobre o persoal de apoio - Facultade de Farmacia 5035\_E16\_2016-2017).

A responsable da unidade de xestión académica, ademais, forma parte da Comisión do Título do Máster de I+D de Medicamentos onde exerce o posto de secretaria. O persoal implicado é suficiente para atender aos docentes e os estudantes.

O persoal de administración e servizos da Facultade de Farmacia conforma unha equipa de traballo **activa e motivada** e se mostra satisfeito co traballo coma se deriva da información do Informe da enquisa de satisfacción do PAS (evidencias I4) que otorga unha valoración por encima de 3.78/5 en tódolos items.

O persoal de apoio conta co nivel de cualificación necesario para o desenvolvemento do Máster e dispón de oportunidades para se actualizar e continuar coa súa formación. No curso 2016-2017 un 50% do PAS de Farmacia participou nun curso de actualización (Indicador 5035\_16\_17\_2016\_2017 Participación do PDI e PAS nos plans de formación).

Valoración: O persoal de apoio ao Máster en I+D de medicamentos é axeitado.

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

**Estándar:** Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

**5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais, ... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No curso 2016-2017, as **infraestruturas** destinadas ao proceso formativo sufriron unha salientable redución debido á posta en marcha do proceso de reforma da Facultade de Farmacia, que desgraciadamente estase a prolongar no tempo. A pesares disto, o Máster dispón dun aula, unha sala de informática equipada cos recursos informáticos necesarios, a hemeroteca da Facultade de Farmacia con acceso a todos os recursos da BUSC, e os laboratorios necesarios para desenvolver as actividades prácticas dos TFM coa colaboración dos 7 grupos de investigación adecuados. No momento de remate das obras, sen dúbida, os estudos de Máster desfrutarán de novo de mais e mellores infraestruturas.

**Os recursos materiais**, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza do traballo que han de levar a cabo. Como xa se indicou, estes estudantes intégranse en grupos de investigación de prestixio que contan co equipamento e material científico necesario e que financian enteiramente o traballo experimental dos TFM, xa que o Máster non contou no curso 2016-2017, como en anos anteriores, con orzamento que o cubra.

En canto á **aplicación das normativas de seguridade, saúde e medio ambiente** e o seu coñecemento polos estudantes, hai que salientar que, aínda que nos consta que algúns grupos de investigación implicados fan periodicamente xornadas formativas a este respecto, non existen evidencias documentais de que todos os estudantes do Máster reciban este tipo de formación, aspecto que ha de terse en conta e implementarse no futuro.

**Os fondos bibliográficos e recursos documentais** están dispoñibles a través da BUSC. Están actualizados e son

suficientes e fácilmente accesibles a través da hemeroteca da Facultade de Farmacia ou online.

**A orientación académica** (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) realízase fundamentalmente de forma personalizada a través da coordinadora do Máster que dirixe, cando é necesario, aos estudantes aos servizos xerais da Universidade (por exemplo, no caso dos estudantes estranxeiros coa Oficina de Relacións Exteriores) e non recae na figura dos titores ao principio do curso como debería ser o caso se o **plan de acción tutorial** se levase a cabo da forma prevista. A pesares de que esta tarefa se realiza, non existen evidencias documentais do que se fai o que debe emendarse no futuro.

Non existe un **programa de desenvolvemento persoal e orientación profesional**, aspecto que podería ser obxecto de mellora no futuro.

**Os servizos de atención ao estudante** (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) préstanse a través do decanato do centro ou da Unidade de Xestión Académica da USC que traballan dentro do SGC da USC.

Como parte do **programa de acollida**, se puxo en marcha a organización dunha sesión, levada a cabo pola Decana da Facultade de Farmacia, a responsable do SGC do centro e a coordinadora do Máster de I+D de Medicamentos, co obxectivo de orientar ao estudante no funcionamento da institución.

En conxunto **as infraestructuras tecnolóxicas e servizos** resultan axeitados para que os estudantes acaden competencias no eido do desenvolvemento e a investigación de medicamentos. O Máster de I+D de Medicamentos desenvolve a súas actividades de investigación en tres centros, a Facultade de Farmacia (responsable do título), o CIMUS (Centro de Investigación en Medicina Molecular y Enfermedades Crónicas) e o edificio EMPRENDIA debido a que os titores que se asignan aos estudantes teñen os seus respectivos espazos neles.

**Valoración:** Satisfactorio, aínda que se observan puntos débiles que tamén é necesario abordar. Creemos que é fundamentalmente a participación da USC coma institución para alcanzar a excelencia neste apartado. É imprescindible o remate das infraestructuras nas que se leva a cabo a docencia do Máster. Tamén obsérvase como necesaria a implementación dun programa completo de acollida dos estudantes, unha mellora do plan de acción tutorial, e a posta en marcha dun programa de desenvolvemento persoal e orientación profesional.



### DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

#### CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

**Estándar:** Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

#### 6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As programacións docentes actualizadas das diferentes materias reflexan o desenvolvemento das **actividades académicas, as metodoloxías docentes, e os sistemas de avaliación e cualificación.**

Os resultados do aprendizaxe acadados satisfán os obxectivos do programa. Os indicadores mostran elevadas taxas de avaliación (100% no curso 2016-2017, indicador IN36M-S01-PM-01), de rendemento nas materias (100% no curso 2016-2017, indicador IN34M-S01-PM-01 ) e coma consecuencia, elevada taxa de éxito (100% no curso 2016-2017, indicador IN35M-S01-PM-01), similar as obtidas para promocións anteriores.

Estes indicadores reflexan a formación acadada polos estudantes no ámbito da investigación e desenvolvemento de medicamentos (competencias específicas do Máster) e a adquisición das competencias e habilidades transversais propias do MECES 3. Proba de elo é a opinión ao respecto dos egresados que están a traballar en diferentes ámbitos profesionais. No informe da enquisa aos egresados do último curso (Indicador I4, 4311777\_INF.09\_2016-2017), estes otorgan unha valoración maior de 4,20/5 en todos os items, moi superior a media da USC en cada uno de eles. Estes items inclúen fundamentalmente competencias transversais coma capacidade para a aprendizaxe autónoma, comunicación oral/escrita, traballo en grupo, análise, resolución de problemas ou desenvolvemento do pensamento crítico.

Sen embargo, como se sinalou anteriormente neste autoinforme a definición das competencias transversais correspondentes a cada unha das materias non están ben explicitadas nas guías docentes e convén revisalas, desenvolvealas e si é necesario reflexalas nunha solicitude de modificación da memoria do Máster.

En relación a **avaliación dos estudantes**, chama a atención que a valoración dos alumnos do Máster no curso 2016-2017 (nota media =8.8, desviación estándar= 0.8) resultou moi superior a súas notas medias de acceso ao Máster (nota media =6.67, indicador IN06M-PC-059). Un estudo de estas valoracións das diferentes materias pon de manifesto elevadas calificacións xunto con moi reducidas desviacións estándar en algúns deles. Este feito pode ter o seu orixe nun excesivo peso da avaliación continua na calificación final en algúns deles, o a que a avaliación continua desenvolvida non evidencie as diferenzas que sen dubida existen entre os estudantes.

Unha revisión dos sistemas de avaliación das materias indica tamén que a avaliación por competencias está pouco definida nas guías docentes, aspecto que xa se sinalou con anterioridade (*Proposta no plan de melloras MIDM\_S\_D3\_C6\_AM01\_15\_16*) pero que aínda non se logrou e que debe abordarse nas reunións cos coordinadores e mellorarse de cara ao futuro.

Na comisión do título de 21 de Decembro 2017 (evidencia E5), se decidiu a redacción dunha pequena memoria de resultados co obxectivo de abordar o tema na reunión cos profesores do Máster.

**Valoración:** Satisfactoria. Considerase que os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes satisfán os obxectivos do Máster en I+D de Medicamentos e dotan os alumnos das ferramentas necesarias para acceder o mercado laboral ou iniciar os estudos de doutoramento coas competencias, habilidades e destrezas propias do mestrado. A pesares disto é posible mellorar na definición de estas competencias, especificamente as transversais, no plan de estudos e traballar no sistema de avaliación por competencias con vistas a unha modificación do título.

## DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

### CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

**Estándar:** Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

#### 7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Disponse dos indicadores para valorar a demanda, os resultados da docencia e o nivel de satisfacción de todos os grupos implicados (estudantes, profesores, persoal de administración en servizos e egresados). Como xa se sinalou existe unha forte redución na matrícula fronte á prematrícula. A prematrícula tivo nos últimos 3 cursos una media de 24.3 estudantes, sen embargo a formalización da matrícula foi moito mais reducida, sendo de media nos 3 cursos de 13 estudantes (Indicador I5 Resultados dos indicadores que integran o SGC). Elo indica, que a demanda inicial mantense, pero non se concreta. As causas poden relacionarse co calendario de matrícula da USC, aspecto que modificouse recentemente para facilitar a matrícula e captar eses estudantes que podían derivarse a outros títulos ou a outras universidades, ou tamén a falta dun papel activo na captación dos estudantes por parte do propio título. A este respecto sería doado organizar unha xornada de portas abertas entre o periodo de prematrícula e matrícula para dar a coñecer as diversas facetas do título aos estudantes o de algunha maneira competir pola súa fidelidade o programa.

Os indicadores de resultados: Taxas abandono, de eficiencia, rendimient, éxito, avaliación e resultados de aprendizaxe (indicador I12) son públicas e moi favorables, polo que non fan prever una modificación debida a elas. Como xa se indicou, a revisión dos resultados do aprendizaxe (4311777\_INF.15\_2016-2017) puxo de manifesto un rumbo nas calificacións nalgunhas materias que levou a iniciar o estudo, seguimento e as acción correctivas necesarias de ser o caso por parte da comisión do título e a coordinadora do Máster.

**Valoración:** Se detectan puntos débiles que é necesario abordar para alcanzar a excelencia neste apartado, como a fidelización dos prematriculados a través dunha actitude proactiva por parte da organización do Máster ou a proposta de revisión e melloras no plan de estudos baseada nos indicadores de demanda e resultados.

#### 7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O indicador 4311777\_INF13\_2016\_2017 presenta os resultados **das enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida**. Como se deriva da súa observación a participación no último ano 2016-2017 foi de 54.5% e obtivo unha valoración media alta de 4.04/5. Como pode comprobarse, os items coa valoración máis elevada corresponden os aspectos organizativos da docencia coma "a explicación da programación da materia e os criterios de avaliación o comezo da materia", o "cumprimento coa programación de traballo prevista", a "coordinación entre docentes" e o "trato recibido por parte dos profesores". Os de menor valoración correspóndense cos recursos didácticos (aula virtual, TICs, soportes multimedia, encerado...), o "material de apoio (textos, exercicios, manuais...)", e "as accións levadas a cabo para favorecer que os alumnos transmitan información o ideas ou resolvan problemas nas materias". Estes aspectos deberán ser abordados nas reunións cos coordinadores de materias e intentarase melloralos.

Os **resultados das enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación** do curso 2016-2017 (4311777\_INF.22\_2016-2017) deben analizarse con coidado xa que a porcentaxe é dun 33.3%, pero soamente son os resultados da valoración de 3 estudantes. En calquera caso, estes amosan una percepción negativa do máster que reflexan nunha valoración extremadamente baixa en todos os items, respecto á que obtivo a USC en xeral. Tanto nos

aspectos organizativos de planificación e desenvolvemento das ensinanzas, os recursos e materiais, as ensinanzas e a xestión da calidade. que non reciben ningún caso unha puntuación superior o 3.33/5 e moitos deles recibiron o mínimo. Estes resultados contrastan cos anteriormente comentados respecto aos de satisfacción coa docencia recibida. A falta de discriminación na valoración dos items, a falta total de coherencia coa valoración dos profesores na mesma enquisa (4311777\_INF.23\_2016-2017) e os satisfactorios resultados obtidos no análise de promocións anteriores fai reflexionar sobre a posibilidade de que valoración do título por parte de estes tres estudantes sexa froito de situacións persoais mais alá dunha avaliación obxectiva e sinxela pola su parte.

Os resultados das enquisas de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (4311777\_INF.14\_2016-2017), foron elevados 3.79/5. Sen embargo, observase una lixeira diminución na valoración acadada respecto o curso 2015-2016 no que foi de 4.13/5. Tamén sufriu o nivel de participación na enquisa, que acadou una significativa redución pasando dun 37.04% no ano anterior a soamente 18.52% en 2016-2017. Un análise mais en profundidade de estes resultados pon de manifesto que o empeoramento nos resultados obtidos débese fundamentalmente aos items 9 e 10 da enquisa que se refiren ao material e servizos de apoio a docencia existentes na universidade e no centro (espazos, aulas, fondos...). Estes items pasaron dunha valoración de 3.9 e 3.27 no curso anterior, a 2.57 e 2.71 respectivamente no 2016-2017 o que pon de manifesto o grado de descontento que está a ter o profesorado como consecuencia da situación na que se atopan as infraestructuras e os medios co que se imparte a docencia na Facultade de Farmacia. Isto xera pasotismo, falta de sentido de pertencia e desmotivación.

**O persoal de administración e servizos** da Facultade de Farmacia conforma unha equipa de traballo **activa e motivada** e se mostra satisfeito co traballo coma se deriva da información do indicador I4 (5035\_INF.21\_2016-2017 Informe da enquisa de satisfacción do PAS) que otorga unha valoración por encima de 3.78/5 en tódolos items.

**Os egresados** no curso 2015-2016 (Indicador I4, 4311777\_INF.09\_2016-2017 Informe de egresados coa docencia recibida) valoraron a docencia teórica e práctica do título con un 3.60/5 en ambos casos, superior o valor medio da USC (3.35 e 3.09 respectivamente). Tamén están moi ben valorados os aspectos relacionados coa formación integral do alumno, desenvolvemento da capacidade de aprendizaxe autónoma, de traballo en equipo, de análise, de comunicación oral e escrita, o pensamento crítico...que recibiron valoracións por encima de 4.2/5 en todos os items.

A participación foi dun 41.67%, mais elevada que en anos anteriores o que probablemente relacionase coas propias características desta promoción, que resultou tremendamente activa, participativa e motivada.

**Valoración:** Satisfactoria. Os resultados das enquisas de avaliación acadan resultados moi satisfactorios para todos os grupos de interese, e superiores en moitos aspectos aos da USC. Os aspectos mais valorados relaciónanse coa organización e o funcionamento interno do máster. Os aspectos menos valorados constituirán o punto de partida para traballar na mellora do Máster. Elo requirirá a implicación das instancias superiores no relativo aos medios materiais, económicos e de infraestructuras que amósanse moi precarios na actualidade para a Facultade de Farmacia.

### 7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O informe de resultados de inserción laboral dos egresados do Máster de I+D de Medicamentos (Indicador I14, 4311777\_EIL\_SIIU\_2016\_2017) inclúe información da Cohorte de 2009-2010 tras un seguimento de 6 anos e da cohorte de 2013-2014 cun seguimento de 2 anos.

Como pode observarse, coa cohorte do 2013-2014, 2 anos despois de egresar, os estudantes se sitúan maioritariamente no ámbito Universitario. Ademais, traballan fundamental mente a tempo completo (78.6%) en contratos temporais (92.3%). Estes resultados resultan doados tendo en conta o carácter do Máster, fundamentalmente dirixido a Investigación. Ese 92.9% que traballan na Universidade sen dubida corresponde a alumnos que levan a cabo estudos de doutoramento. Similares resultados obtivéronse na cohorte do 2009-2010 os dous anos.

Seis 6 anos despois de egresar (cohorte 2009-2010), os egresados pertencen na súa totalidade os grupos de cotización medio ou universitario, e traballan nunha porcentaxe elevada (85.7%) a tempo completo. Mais da metade deles (57.1%) o fan en postos de traballo indefinidos. Soamente un 22.2% dos egresados son traballadores autónomos,

**Valoración:** Excelente. Os resultados dos indicadores amosan que os estudantes acadan o obxectivo do máster que é unha formación dirixida ao ámbito investigador. Elo resulta extremadamente satisfactorio para todo o colectivo que traballa por desenvolver o programa de Máster ano a ano.

<u>LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES</u>			
Critérios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	<a href="#">Web do Título</a>
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	<a href="#">E5_ACT_16_17.pdf</a>
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Non aplica
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	<a href="#">4311777_P.Ind_2016-2017</a>
			<a href="#">4311777_INF.16_2016-2017</a>
			<a href="#">4311777_INF.CiUG_2016-2017</a>
1	I2	No caso de Máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	<a href="#">4311777_I2_2016-2017</a>
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	<a href="#">4311777_P.Ind_2016-2017</a>
			<a href="#">5035_INF.03_2016-2017</a>
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")	<a href="#">Web da USC</a>
			<a href="#">Web do Centro</a>
			<a href="#">Web do Título</a>
3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	<a href="#">Web do Centro</a>
3	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC( procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da	<a href="#">Web do Centro</a>

		calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	<a href="#">Web do Centro</a>
3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	4311777_P.Ind_2016-2017
			4311777_INF.04_2016-2017
			5035_INF.05_2016-2017
			4311777_INF.06_2016-2017
			4311777_INF.07_2016-2017
			4311777_INF.08_2016-2017
			4311777_INF.09_2016-2017
			4311777_INF.10_2016-2017
			5035_INF.11_2016-2017
			4311777_INF.13_2016-2017
			4311777_INF.14_2016-2017
			5035_INF.21_2016-2017
			4311777_INF.22_2016-2017
4311777_INF.23_2016-2017			
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	4311777_P.Ind_2016-2017
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	4311777_E15_2016-2017
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5035_E16_2016-2017
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ... )	Autoinforme, Criterio 4
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5035_I6-I7_2016-2017
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5035_I6-I7_2016-2017
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,... )	4311777_INF.13_2016-2017
			4311777_INF.14_2016-2017
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de	5035_I10_2016-2017

		mobilidade sobre o total de profesorado do título)	
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	<a href="#">Web do Centro</a>
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	<a href="#">Web do Centro</a>
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	Non aplica
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	Non aplica
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	<a href="#">Campus Virtual</a>
6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/Máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	<a href="#">E-24.pdf</a>
6	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	4311777_INF.15_2016-2017
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Autoinforme, Criterio 7
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendemento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	4311777_P.Ind_2016-2017
			4311777_INF.17_2016-2017
			4311777_INF.18_2016-2017
			4311777_INF.19_2016-2017
			5035_SIIU_2016-2017
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	4311777_P.Ind_2016-2017
			4311777_INF.CIUG_2016-2017
7	I14	Resultados de inserción laboral	4311777_EIL-SIIU_2016-2017

MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS	
MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN
Non aplica	